# *Memoria de actividades* 2016

# CONSELLO SOCIAL

*Universidade de Santiago de Compostela*

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CONSELLO SOCIAL

Edición: Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Casa da Concha. Rúa da Conga nº 1
15782. Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 442
csocial@usc.es
www.usc.es/csocial

Depósito Legal: C xxxx-2017
Deseño e impresión: Campus na nube

# ÍNDICE

PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE .......... 7

COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL .......... 11

En representación do Consello de Goberno da Universidade .......... 13

En representación dos Intereses Sociais de Galicia .......... 13

Ceses e nomeamentos ao longo do ano .......... 15

COMISIÓNS DE TRABALLO .......... 17

REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL NOUTROS ÓRGANOS .......... 21

XUNTANZAS E ACORDOS DO PLENO .......... 25

XUNTANZAS E ACORDOS DAS COMISIÓNS .......... 31

REUNIÓNS E COMPARECENCIAS .......... 35

Consello Galego de Universidades .......... 37

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia .......... 38

Asistencia a outros actos .......... 39

OUTRAS ACTIVIDADES .......... 41

Programa de Prácticas en empresas e institucións .......... 43

Programa de Prácticas Externas Extracurriculares .......... 46

Bolsas de colaboración ano 2016 .......... 48

Actividades nas que participou o Consello Social a través da convocatoria de "*Actividades susceptibles de ser financiadas polo Consello Social durante o ano 2106*". .......... 51

Actividades financiadas polo Consello Social en exercicios anteriores e que se consolidaron ao longo dos anos. .......... 53

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL .......... 57

MARCO NORMATIVO .......... 61

PRESENTACIÓN
DOPRESIDENTE

# PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE



*Blioteca Concepción Arenal*

Cumprindo coa obriga legal indicada na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, compráceme presentar a Memoria de Actividades do ano 2016 do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Debo salientar que durante este ano produciuse a substitución de Dª María Caeiro Rey conselleira dende hai oito anos, e que tivo o seu colofón nun almorzo de despedida no que se lle entregou unha placa de agradecemento polo seu compromiso coa institución durante todo este tempo.

A realización da *Memoria Anual de Actividades* é un dos fitos máis importantes neste órgano de goberno da Universidade que teño a honra de dirixir, dado que é o momento no que trasladamos á sociedade o labor feito ao longo do ano, e para ben ou para mal, rendemos conta ante ela.

Cómpre lembrar que no Consello Social, ademais das competencias legalmente establecidas e que se traducen nos acordos dos diferentes plenos celebrados ao longo do ano, desenvolvéronse outras actividades a prol da nosa Universidade como é consolidación do *Programa Nacional de Prácticas Extracurriculares* que acada o seu segundo ano de funcionamento, e que é unha das ferramentas imprescindibles para achegar o alumnado ao mercado laboral.

Tamén quedou consolidada a *Convocatoria de actividades Susceptibles de ser financiadas polo Consello Social,* a través das que se participa economicamente na posta en marcha destas actividades dando o impulso necesario para que se consoliden no tempo. Como no ano anterior as actividades tiveron como principal obxectivo o achegar a nosa Universidade á sociedade e abarcaron un amplo abano de sectores.

Quero, por último, aproveitar a ocasión para agradecer a todos os membros deste Consello Social o seu apoio e dedicación ao longo deste intenso ano, e especialmente o meu agradecemento ao persoal de administración e servizos, xa que é seu labor o que fai posible o normal desenvolvemento deste órgano de goberno da USC.

José María Arias Mosquera
Presidente do Consello Social

COMPOSICIÓNDO

# COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL

CONSELLOSOCIAL




*Facultade de Matemáticas*

## PRESIDENTE:

Don José María Arias Mosquera

## CONSELLEIROS/AS NATOS:

Don Juan M. Viaño Rey
*Reitor da Universidade*

Dona Consuelo Ferreiro Regueiro
*Secretaria Xeral da Universidade*

Don José Manuel Villanueva Prieto
*Xerente da Universidade*

## I. EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE

Don Javier Bueno Lema
*En representación do Persoal Docente e Investigador*

Don Antonio Pérez Casas
*En representación do Persoal de Administración e Servizos*

Don Iván Rodríguez Iglesias
*En representación do Estudantado*

## II. EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA

### CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLO PARLAMENTO DE GALICIA

Don Juan Luís Castro Rodríguez

Don Enrique Feáns García

Don Jesús Couceiro Rivas

Don Raúl López López

Dona María Isabel Salazar Bello

Don José Sierra Fernández

## CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLA XUNTA DE GALICIA

Don Carlos Martí Mallén

Dona Marta Álvarez Montes

Don Manuel Luís Silva Constenla

Don Miguel Ramón de la Calle Amaro

Don José Manuel Chousa Vázquez

Dona Blanca de Cora García-Montenegro

## CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLOS SINDICATOS

Don Emilio Crespo Correa

Dona Marta Ferreiro Fernández

## CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

Don Jesús José Chenel Noya

Don Jesús Méndez Álvarez-Cedrón

Dona Carmen Fernández Vilas

Dona Nuria Pereira Martínez

## CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS DOS CONCELLOS DOS CAMPUS

Don Manuel Dios Diz

Don Luís García Santalla

## CONSELLEIRA DESIGNADA POLOS COLEXIOS PROFESIONAIS

Dona Mª Rosa Álvarez Prada

## CONSELLEIRO DESIGNADO POLA ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DA USC

Don Ángel López Conde

## SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL

Don José Benigno Carril Pérez

## CESES E NOMEAMENTOS AO LONGO DO ANO

Na Orde do 26 de abril de 2016, publicada o 12 de maio de 2016, nomeouse a Dona Nuria Pereira Martínez en substitución de Dona María Caeiro Rey en representación das organizacións empresariais.

COMISIÓNS
DETRABALLO

# COMISIÓNS DE TRABALLO




*Facultade de Humanidades*

De conformidade co disposto na Lei 6/2013 do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, e no Regulamento de organización e funcionamento deste Consello Social creáronse as seguintes comisións de traballo: Comisión Executiva, Comisión Económica, Comisión Académica e Comisión de Relacións coa Sociedade. Os acordos das comisións requirirán a aprobación do Pleno.

Os integrantes das comisións desígnanse de entre os membros do Consello Social.

## COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL

D. José María Arias Mosquera (Presidente do Consello)

D. Juan Viaño Rey (Reitor da USC)

D. José Manuel Villanueva Prieto (Xerente da USC)

D. Enrique Feáns García (Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade)

D. Carlos Martí Mallén

D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón

## COMISIÓN ECONÓMICA

D. José Manuel Villanueva Prieto

D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón

D. Carlos Martí Mallén

D. José Sierra Fernández

D. Antonio Pérez Casas

D. Jesús Chenel Noya

D. Miguel de la Calle Amaro

## COMISIÓN ACADÉMICA

Dª. Consuelo Ferreiro Regueiro

D. Raúl López López

Dª. Isabel Salazar Bello

Dª. Marta Álvarez Montes

D. Miguel de la Calle Amaro

## COMISIÓN DE RELACIÓNS COA SOCIEDADE

D. Enrique Feáns García (Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade)

D. Manuel Silva Constenla

Dª. Blanca de Cora García-Montenegro

Dª. Carmen Fernández Vilas

D. Jesús Couceiro Rivas

## REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL NOUTROS ÓRGANOS

### REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

En virtude do artigo 58-g) da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, os presidentes ou presidentas dos Consellos Sociais das universidades integrantes do SUG forman parte da composición do Consello Galego de Universidades.

Representante do Consello: D. José María Arias Mosquera

### REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

En virtude do artigo 16-e) da Resolución do 10 de decembro de 2008, da dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG, pola que se publica o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, polo que se modifica o convenio de 30 de xaneiro de 2001 para a creación do Consorcio Axencia para a Calidade do SUG, os presidentes ou presidentas dos Consellos Sociais das universidades integrantes do SUG forman parte da composición do Consello de Dirección da ACSUG

Representante do Consello: D. José María Arias Mosquera

### REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE GOBERNO DA USC

Por acordo do Pleno do 20 de decembro de 2012, forma parte do Consello de Goberno da USC representando ao Consello Social:

D. Miguel de la Calle Amaro

### REPRESENTANTES DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DE MECENADO E COLABORACIÓN DA USC

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forman parte da Comisión de Mecenado e Colaboración da USC:

D. José María Arias Mosquera
D. Enrique Feáns García

### REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA FUNDACIÓN DIETA ATLÁNTICA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte do padroado da Fundación:

Dª. Isabel Salazar Bello

### REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA FUNDACION USC-DEPORTIVA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte do padroado da Fundación:

D. Raúl López López

### REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES (UNIXEST)

Por acordo do pleno de 19 de febreiro de 2013, actualmente forma parte do Consello de Administración de UNIXEST:

D. Carlos Martí Mallén

### REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO OBSERVATORIO DO CÓDIGO ÉTICO DA USC

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte do Observatorio:

D. Enrique Feáns García

### REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN QUÍMICA BIOLÓXICA E MATERIAIS MOLECULARES (CIQUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión Rectora do CIQUS o presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

## REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CIMUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión Rectora do CIMUS o presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

## REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN (CITIUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión Rectora do CITIUS o presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

## REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DO CAMPUS VIDA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión do Campus Vida o presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

## REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DA FACULTADE DE MEDICINA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión da Facultade de Medicina o presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

# XUNTANZAS E ACORDOS DO PLENO

XUNTANZAS E
ACORDOS
DO PLENO

**Acordos do pleno de 31 de marzo de 2016:**

- Aprobación da Memoria Anual do Consello Social do ano 2015.
- Información sobre as memorias finais dos proxectos que obtiveron axudas do Consello Social durante o ano 2015.
- Aprobación da convocatoria de actividades a financiar polo Consello Social durante o ano 2016.
- Aprobación de taxas e cursos de posgrao propios e información de memorias.
- Informe da revogación de titulacións oficiais: másters.
- Informe da implantación de novas titulacións oficiais: Máster Erasmus Mudus "Máster Europeo en Lexicografía".
- Aprobación de prezos da Escola Infantil Breogán e das axudas para a escolarización dos nenos e nenas menores de tres anos no Campus de Lugo (Cheque Bebé) para o curso 2016-2017.
- Aprobación de prezos de aloxamento no Sistema Universitario de Residencias (SUR) da USC para o curso 2016-2017.
- Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para estudantes de internacionais para o curso 2016-2017.
- Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para membros da comunidade universitaria ou alumnos da Universidade de Verán 2016, durante o período comprendido entre o 7 de xuño e o 31 de agosto de 2016.
- Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para congresos durante o curso 2016-2017.
- Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para visitantes durante o curso 2016-2017.
- Aprobación de transferencias de coñecemento: creación de empresas de base tecnolóxica.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Información sobre o convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para a redacción do Plan Director do Edificio da Facultade de Xeografía e Historia.
- Información sobre convenios da Universidade.

**Acordos do pleno de 26 de maio de 2016:**

- Aprobación da proposta de endebedamento a curto prazo (operación de tesourería) da USC.
- Informe do proxecto de decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2016-2017.
- Aprobación da proposta de modificación do *Programa de Atención de Estudantes Extracomunitarios* (PATEX).
- Aprobación da apertura do novo procedemento de poxa polo Hospital de Galeras.
- Aprobación da asignación de complementos por mérito docente da convocatoria 2015.
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios e información de memorias.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Información sobre incorporación de remanentes do ano 2015.
- Información sobre convenios da Universidade.

**Acordos do pleno de 7 de xullo de 2016:**

- Informe da auditoría da USC do exercicio económico 2015, e informe da auditoría das sociedades mercantís: Unixest, Uninova, e Cursos Internacionais da USC do exercicio económico 2015.
- Aprobación da Memoria Económica do exercicio 2015 da USC e Sociedades Participadas: Contas Anuais e Informe de Xestión. Información sobre a contabilidade analítica do ano 2015.
- Información e ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva do 13 de xuño: Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Información e ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva do 7 de xullo: Resolución da convocatoria de actividades a financiar por parte do Consello Social durante o ano 2016.
- Aprobación da distribución de 81 bolsas de colaboración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o curso 2016-2017 destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado de último curso de grao ou de segundo ciclo ou primeiro curso de máster que presten a súa colaboración nun Departamento, Instituto de Investigación ou Centro Singular de Investigación, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.
- Aprobación da asignación de complementos retributivos autonómicos (convocatoria 2015).
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador derivada da Oferta Pública de Emprego de promoción interna ao corpo de Catedrático de Universidade.

- Informe da implantación de novas titulacións oficiais para o curso 2016-2017.
- Informe das modificacións de titulacións oficiais para o curso 2016-2017.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao e información de memorias.
- Aprobación de transferencias de coñecemento.
- Informe sobre novos Programas de Investigación de Xestión Integrada (PIXIES).
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal de Administración e Servizos e información da da Oferta Pública de Emprego do Persoal de Administración e Servizos.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Aprobación de doazóns.
- Aprobación de tarifas para o curso 2016-2017.
- Información sobre convenios da Universidade.

**Acordos do pleno de 10 de outubro de 2016:**

- Aprobación de complementos retributivos da actividade investigadora (sexenios) do Persoal Docente e Investigador Contratado correspondentes á convocatoria do ano 2015.
- Aprobación da asignación de complementos retributivos autonómicos.
- Informe sobre a creación do *Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados da USC* (CIEDUS), de catro *Escolas de Doutoramento Internacional* e do *Centro de Estudos Propios da USC.*
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal de Administración e Servizos.
- Aprobación de tarifas para o curso 2016-2017.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao e información de memorias.
- Aprobación de doazóns.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Información sobre convenios da Universidade.

**Acordos do pleno de 22 de decembro de 2016:**

- Aprobación do orzamento da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2017.
- Información da execución da Programación Plurianual.
- Información do Servizo de Control Interno do ano 2015.
- Información sobre o Protocolo de Cooperación entre a Xunta e a USC e sobre o concurso do anteproxecto para a construción do Complexo de Ciencias da Saúde.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Aprobación da asignación de complementos retributivos da actividade investigadora (sexenios) do Persoal Docente e Investigador Contratado correspondentes á convocatoria do ano 2015.
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao e información de memorias.
- Informe de revogación de másteres.
- Aprobación de transferencias de coñecemento de investigación.
- Aprobación dos prezos de bolsas de comedor do Servizo Universitario de Residencias (SUR) para o curso 2016-2017.
- Aprobación de normativa sobre microdoazóns.
- Aprobación de doazóns.
- Información sobre convenios da Universidade.

XUNTANZAS
E ACORDOS
DASCOMISIÓNS

# XUNTANZAS E ACORDOS DAS COMISIÓNS



*Facultade de Xornalismo*

## COMISIÓN EXECUTIVA

**Acordos da comisión do 13 de xuño de 2016:**

- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.

**Acordos da comisión do 7 de xullo de 2016:**

- Aprobación da convocatoria de actividades a financiar por parte do Consello Social durante o ano 2016.

# REUNIÓNS E COMPARECENCIAS

REUNIÓNS E COMPARECENCIAS



*Facultade de Filoloxía*

## CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES.

### Reunión do 26 de febreiro de 2016

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno do 13 de outubro de 2015.
2. Asuntos para coñecemento:
   a) Normativa publicada
   b) Convocatorias de prazas de profesorado universitario contratado.
3. Información sobre as solicitudes de informe previo de envío a verificación de titulacións para o curso 2016/2017.
4. Informe sobre revogación de títulos universitarios oficiais nas universidades do SUG.
5. Información sobre a modificación da denominación do grao en *Lingua e Literatura Modernas* da USC.
6. Informe sobre plans de viabilidade de determinadas titulacións.
7. Informe estatutos da ACSUG.
8. Designación de 2 representantes das universidades públicas de Galicia no Consello da Cultura Galega.

### Reunión do 8 de xuño de 2016

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno do 26 de febreiro de 2016.
2. Asuntos para coñecemento:
   c) Normativa publicada
   d) Outras publicacións.
3. Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais para o curso 2016/2017.
4. Informe sobre os non pagamentos de matricula nas universidades do SUG.
5. Informe sobre a autorización de implantación nas universidades da Coruña , Santiago de Compostela e Vigo das ensinanzas universitarias de Grao, Máster Universitario e Doutoramento para o curso 2016/2017.
6. Informe sobre os títulos sometidos ao Plan de Viabilidade da UDC.
7. Designación de representante das unversidades píblicas de Galicia nos seguintes órganos: Axencia Galega de Innovación, Xunta Consultiva de Contratación da Xunta de Galicia, Consello de Avaliación Docuemntal de Galicia, Consello de Arquivos de Galicia, Consello Científico do Comité Español do Programa MaB da UNECO.

## REUNIÓNS DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

### Reunión do 12 de xullo de 2016

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da presidenta
3. Convenios da ACSUG con outras institucións
4. Aprobación, se procede, do plan Estratéxico da ACSUG 2016-2020
5. Tramitación para a aprobación dos Estatutos da ACSUG: Decisión sobre o réxime de persoal do Consorcio ACSUG
6. Renovación dun membro da CGIACA por renuncia voluntaria.
7. Adquisición dunha nova aplicación informática para a xestión de títulos.
8. Memoria de actividades ACSUG 2015
9. Asuntos Económicos:
    a) Estado de liquidación do orzamento e memoria das Contas Anuais a 31.12.2015
    b) Inventario da ACSUG a 31.12.2015
    c) Proposta de modificación dos orzamentos do exercicio 2016
    d) Anteproxecto dos orzamentos 2017 - Programa de Actuacións, Investimentos e Financiamento (PAIF)
10. Sistema de Xestión da ACSUG:
    e) Informe anual do 2015 de revisión do Sistema de Xestión da ACSUG
    f) Resumo do Sistema de Xestión da ACSUG do primeiro semestre de 2016
    g) Obxectivos de Calidade 2016
    h) Obxectivos de Medio Ambiente 2016
    i) Declaración Ambiental ACSUG 2015
11. Rogos e preguntas

### Reunión do 21 de decembro de 2016

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da presidenta.
3. Convenios da ACSUG con outras institucións.
4. Planificación actividades ACSUG 2017
5. Desenvolvemento do Plan Estratéxico ACSUG 2016-2020: Distribución de accións do Plan
6. Destrución de documentación do procedemento de avaliación previa a asignación dos complementos retributivos 1C-07.
7. Asuntos económicos:
    a) Modificación dos orzamentos 2016
    b) Proxecto de orzamentos 2017
8. Honorarios dos membros dos Comités de Asesores Externos.
9. Resumo Sistema Xestión Interno ACSUG 2º semestre 2016
10. Rogos e preguntas

## ASISTENCIA A OUTROS ACTOS

Entre as actividades cómpre subliñar as seguintes:

- Asistencia á toma de posesión do novo reitor da Universidade da Coruña D. Julio Abalde, quen substitúe ao reitor saínte D. Xosé Luís Armesto.
- Participación na primeira reunión da Comisión Reitora do Campus Terra.
- Asistencia ao acto de celebración da festividade de San Tomé de Aquino, cuxa organización recaeu este ano na Facultade de Ciencias de Lugo.
- Asistencia á presentación do Proxecto Mentoring, proxecto financiado polo Consello Social, e cuxa finalidade é poñer en contacto a alumnado de máster, graduados/as de último curso e titulados/as no curso académico 2014-2015 con directivos e profesionais de empresas, co obxecto de que estes lles presten orientación e apoio na busca de emprego e no desenvolvemento do seu proxecto profesional.
- Asistencia ao acto literario organizado pola USC con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e que este ano recaeu no poeta Manuel María.
- Asistencia ao acto de investimento como doutores honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela aos catedráticos de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial Enric Trillas e de Economía Jean-Michel Uhaldeborde .

- Participación no acto de "Recoñecemento aos mellores estudantes que acadaron unha nota superior a 9 nos seus estudos", que tivo lugar no Auditorio de Galicia, e que está encadrado dentro do programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC".
- Participación nunha audiencia pública sobre "*Promover las empresas innovadoras y de rápido crecimiento*" organizadas polo Comité Económico y Social Europeo.
- Asistencia ao acto de inauguración do curso académico do Sistema Universitario de Galicia celebrado na Universidade de Santiago de Compostela.
- O presidente participou como poñente no seminario "*Universidad Innovadora y Emprendedora*" encadrada dentro dos actos de SPIN2016, cita do empredemento universitario iberoamericano organizada pola RedEmprendia, Santander Universidades, Xunta de Galicia e USC.
- Asistencia á sesión de inauguración do "*Iº Encontro de Intelixencia Emocional da USC*", xornada que foi financiada polo Consello Social.
- Asistencia á inauguración do proxecto, financiado polo Consello Social, "Emprega-T: as 8 T's do talento" celebrado na facultade de Económicas e Empresariais.
- Asistencia ao acto de investimento como doutores honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela do médico, bioquímico e odontólogo D. Crispian Scully, e do profesor emérito da Universidade Federico II de Nápoles e especialista en teoría electromagnética básica e aplicada D. Giorgio Franceschetti.
- Participación na sesión constitutiva do Comité Consultivo da facultade de Farmacia.
- Asistencia ao acto no que 73 traballadores da USC (40 pertencentes ao cadro de persoal docente e investigador e os 33 restantes ao de administración e servizos) recibiron a Insignia Fonseca en recoñecemento a máis de 30 anos de servizos.
- Participación no acto de de imposición da Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela ao conselleiro D. Miguel de la Calle Amaro.

O U T R A S

# OUTRAS ACTIVIDADES

A C T I V I D A D E S



*Campus vida*

## PROGRAMA NACIONAL DE PRÁCTICAS.

### Descrición do Programa de Prácticas

O Consello Social entre os seus cometidos ten a obriga de levar un labor de achegamento aos distintos estamentos da sociedade, dentro destes cabe destacar a promoción de convenios de colaboración con entidades tanto galegas como de ámbito nacional para a realización de prácticas profesionais nelas por parte do estudantado da nosa Universidade.

As prácticas non orixinan ningún vínculo laboral entre a empresa e o estudante, senón que ámbolos dous están suxeitos a un convenio de cooperación educativa. Así mesmo poden realizarse en calquera mes do ano (incluídas as vacacións académicas) dentro do horario laboral da entidade colaboradora. En canto a horas totais das prácticas, deberán realizarse como mínimo 120 horas e ata un máximo de 500 horas por titulación.

Entre os beneficios que as empresas ou institucións poden obter coa colaboración no programa de prácticas, podemos salientar os seguintes:

- A posibilidade de realizar estudos sobre temas específicos que consideren necesarios e interesantes.
- Constitúen un medio idóneo para dispoñer de persoas capacitadas e formadas.
- Supoñen un proceso óptimo de selección.
- As empresas amplían a súa esfera de relación, o que xera un mellor coñecemento das mesmas no seu medio, favorecendo novas posibilidades de actuación.
- Colaboran coa sociedade facilitando a formación práctica dos estudantes, o que contribúe a mellorar a capacitación dos futuros directivos e profesionais.

### Características das Prácticas

O programa de prácticas está dirixido a todos o estudantado de licenciatura da Universidade de Santiago de Compostela, de calquera titulación, que teñan superados o 50 % dos créditos da titulación que cursan.

As prácticas adxudícanse en virtude das titulacións e localidades; no caso de concorrencia de varias solicitudes, pola nota media. O estudantado está cuberto polo seguro escolar durante a súa estancia na entidade colaboradora, e ao rematar o seu período de prácticas, expídese:

- Certificado curricular: no que se fai constar que o/a alumno/a realizou prácticas nunha determinada empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período de prácticas e o número total de horas realizado.

- Certificado de créditos: a razón de 1 crédito por cada 30 horas de prácticas (hai un número mínimo de horas convalidables - 120 horas - e un tempo máximo - 500 horas). Estes créditos son imputados como créditos de libre configuración.

Unha vez rematadas as prácticas, a entidade colaboradora ten que elaborar un certificado no que consten: o nome do/a alumno/a, o nome da empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período das prácticas e o número de horas realizado. Este certificado deberá enviarse: no caso de tratarse dunha empresa de Galicia á Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), e no caso de tratarse dunha empresa de fóra de Galicia, unha asociación sen ánimo de lucro, unha fundación ou dunha institución pública, ao Consello Social.

### Que deben facer as Empresas/Institucións que queiran colaborar co Programa de Prácticas

Deben dirixirse ao Consello Social ou a Confederación de Empresarios de Galicia para solicitar as follas de inscrición (ordinaria ou adxudicación directa). Existe unha documentación básica que a entidade colaboradora deberá cumprimentar para formalizar as prácticas de cada alumno: oferta de prácticas (indicación das características esenciais das prácticas ofertadas); concerto de colaboración (documento que estipula as condicións das prácticas e que asinan a entidade colaboradora, o Consello Social e, no caso de empresas galegas, a Confederación de Empresarios de Galicia); finalmente a entidade colaboradora debe emitir un certificado final das prácticas.

As entidades colaboradoras que solicitan estudantes en prácticas especificarán na súa solicitude as datas de inicio e fin das prácticas, así como o horario no que se van desenvolver.

| EVOLUCIÓN PRÁCTICAS CONSELLO SOCIAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ANO | ALUMNOS INSCRITOS | CUMPREN REQUISITOS | OFERTAS | PRÁCTICAS |
| 1995 | 839 | 511 | 150 | 89 |
| 1996 | 775 | 584 | 200 | 131 |
| 1997 | 898 | 686 | 285 | 154 |
| 1998 | 1.456 | 1.074 | 700 | 548 |
| 1999 | 2.555 | 2.228 | 1.485 | 1.110 |
| 2000 | 3.530 | 3.308 | 2.179 | 1.626 |
| 2001 | 3.369 | 3.200 | 2.647 | 2.062 |
| 2002 | 3.082 | 2.845 | 2.570 | 1.859 |

| EVOLUCIÓN PRÁCTICAS CONSELLO SOCIAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ANO | ALUMNOS INSCRITOS | CUMPREN REQUISITOS | OFERTAS | PRÁCTICAS |
| 2003 | 2.952 | 2.763 | 2.768 | 1.968 |
| 2004 | 2.837 | 2.736 | 3.166 | 2.217 |
| 2005 | 2.543 | 2.398 | 3.192 | 2.126 |
| 2006 | 2.604 | 2.340 | 3.150 | 1.957 |
| 2007 | 2.191 | 1.991 | 3.060 | 1.663 |
| 2008 | 2.010 | 1.848 | 3.228 | 1.548 |
| 2009 | 1.645 | 1.549 | 3.161 | 1.354 |
| 2010 | 1.281 | 1.238 | 2.664 | 1.114 |
| 2011 | 1.231 | 1.207 | 2.439 | 1.135 |
| 2012 | 1.081 | 1.047 | 2.537 | 981 |
| 2013 | 729 | 709 | 2.234 | 665 |
| 2014 | 268 | 258 | 1.846 | 248 |
| 2015 | 87 | 87 | 1.665 | 84 |
| TOTAL | 37.963 | 34.607 | 45.326 | 24.639 |




Durante vinte anos o Programa Nacional de Prácticas do Consello Social atendeu a preto de 40.000 alumnos e alumnas da USC relacionándoos con, aproximadamente, 8.000 empresas de ámbito nacional e acadando un total dunhas 25.000 prácticas e a colocación profesional no mercado laboral dun 10% de estes estudantes.

O éxito do mesmo viuse denostado principalmente coa implantación dos novos estudos de grao e mestrado, cada vez eran menos os alumnos de licenciatura e diplomaturas co cal o volume de prácticas foi en descenso paulatino ata a súa completa extinción.

En resposta á implantación dos novos estudos de grao e mestrado e dentro dun novo marco normativo, neste ano 2016 nace o novo Programa de Prácticas Externas Extracurriculares, que esperamos dea os mesmos froitos que o que acabamos de rematar.

## PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES.

### Descrición do Programa.

O Consello Social entre os seus cometidos ten a obriga de levar un labor de achegamento aos distintos estamentos da sociedade, dentro destes cabe destacar a promoción de convenios de colaboración con entidades tanto galegas como de ámbito nacional para a realización de prácticas profesionais nelas por parte do estudantado da nosa Universidade.

As prácticas non orixinan ningún vínculo laboral entre a empresa e o/a estudante, senón que ámbolos dous están suxeitos a un convenio de cooperación educativa. O estudantado contará cun/cunha titor/a designado/a pola entidade colaboradora e cun/cunha titor/a académico/a da universidade. O alumnado adxudicatario de prácticas deberá entregar no Consello Social un anexo ao convenio, onde se indicarán os parámetros da práctica (datas de inicio e fin, horario, proxecto formativo...), os cales serán acordados entre o alumnado e o/a titor/a da entidade e cos que deberá concordar en todo caso o titor académico. A duración de cada práctica será entre 125 e 750 horas por titulación, cun máximo de 40 horas semanais e a realizar no prazo máximo de 6 meses.

Entre os beneficios que as empresas ou institucións poden obter coa colaboración no programa de prácticas, podemos salientar os seguintes:

- A posibilidade de realizar estudos sobre temas específicos que consideren necesarios e interesantes.
- Constitúen un medio idóneo para dispoñer de persoas capacitadas e formadas.
- Supoñen un proceso óptimo de selección.
- As empresas amplían a súa esfera de relación, o que xera un mellor coñecemento das mesmas no seu medio, favorecendo novas posibilidades de actuación.
- Colaboran coa sociedade facilitando a formación práctica dos/das estudantes, o que contribúe a mellorar a capacitación dos futuros directivos e profesionais.

## Características das Prácticas

O programa de prácticas está dirixido a todo o estudantado da Universidade de Santiago de Compostela, sempre que non teñan o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non teñan realizado o depósito do título da titulación pola que as solicite.

As prácticas adxudícanse en virtude das titulación e localidades; no caso de concorrencia de varias solicitudes, pola nota media. Será obxecto de adxudicación preferente, por unha única vez, aquel alumnado que propicie a celebración dun novo convenio de cooperación educativa cunha determinada empresa ou entidade.

O estudantado está cuberto polo seguro escolar e para os/as estudantes maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente un seguro de accidentes; ao rematar o período de prácticas, expídese:

- Certificado acreditativo: no que se fai constar que o/a alumno/a realizou prácticas nunha determinada empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período de prácticas e número total de horas realizado.
- Certificado de créditos: a equivalencia establécese en 1 ECTS por cada 25 horas de práctica. O período de prácticas terá unha duración mínima de 125 horas (5 ECTS) e máxima de 750 horas (30 ECTS).

Estas prácticas non forman parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente académico e no suplemento europeo ao título.

Que deben facer as Empresas/Institucións que queiran colaborar co Programa de Prácticas

As entidades que desexen colaborar acollendo nas súas instalacións alumnado en prácticas deberán:

- Formalizar o convenio de colaboración. Este documento non ten carácter vinculante, polo que non suporá a adquisición de compromisos de carácter contractual ou laboral coa entidade colaboradora asinante. Tampouco obriga as empresas a participar nas convocatorias de prácticas, pero si as habilita para elo.
- Remitir ao Consello Social a/s oferta/s para cada unha das convocatorias públicas nas que desexen participar.
- Designar a un/unha titor/a que se encargue da formación do/a estudante durante a súa estadía na entidade.

Unha vez rematadas as prácticas, a entidade colaboradora deberá enviar ao titor académico un informe final de realización da práctica no que consten: o nome do/a alumno/a, o nome da empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período das prácticas e o número de horas realizado.

### BOLSAS DE COLABORACIÓN ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL PARA O CURSO ACADÉMICO 2015-2016.

| DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN | BOLSAS ASIGNADAS |
|---|---|
| Instituto de Ciencias Forenses "Luis Concheiro" | 2 |
| Dpto. de Física de Partículas | 2 |
| Dpto. de Enxeñería Química | 2 |
| Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) | 2 |
| Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) | 2 |
| Dpto. de Edafoloxía e Química Agrícola | 2 |
| Dpto. de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica | 2 |
| Dpto. de Análise Matemática, Estatísica e Optimización | 2 |
| Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS) | 2 |
| Dpto. de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía | 2 |
| Dpto. de Ciencias da Comunicación | 2 |
| Dpto. de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía | 2 |
| Dpto. de Química Inorgánica | 2 |
| Dpto. de Pedagoxía e Didáctica | 2 |
| Dpto. de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatria | 2 |
| Dpto. de Bioloxía Funcional | 2 |
| Dpto. de Psiquiatria, Radioloxía, e Saúde Pública | 2 |
| Dpto. de Patoloxía Animal | 2 |
| Dpto. de Microbioloxía e Parasitoloxía | 2 |
| Dpto. de Historia | 2 |
| Dpto. de Física Aplicada | 2 |

| DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN | BOLSAS ASIGNADAS |
|---|---|
| Dpto. de Química Orgánica | 1 |
| Dpto. de Xeografía | 1 |
| Dpto. de Dereito Público Especial e da Empresa | 1 |
| Dpto. de Filoloxía Inglesa e Alemá | 1 |
| Dpto. de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría | 1 |
| Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias | 1 |
| Dpto. de Historia da Arte | 1 |
| Dpto. de Filosofía e Antropoloxía | 1 |
| Dpto. de Enxeñería Agroforestal | 1 |
| Dpto. de Filoloxía Galega | 1 |
| Dpto. de Lingua e Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral | 1 |
| Dpto. de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirurxicas | 1 |
| Dpto. de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física | 1 |
| Dpto. de Botánica | 1 |
| Dpto. de Dereito Común | 1 |
| Dpto. de Psicoloxía Social e Básica e Metodoloxía | 1 |
| Dpto. de Matemática Aplicada | 1 |
| Instituto de biodiversidade agrario e  desenvolvemento rural | 1 |
| Dpto. de Dereito Público e Teoría do Estado | 1 |
| Instituto da Lingua Galega | 1 |
| Dpto. de Economía Aplicada | 1 |
| Dpto. de Matemáticas | 1 |
| Dpto. de Fundamentos da Análise Económica | 1 |

| DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN | BOLSAS ASIGNADAS |
|---|---|
| Dpto. de Química Física | 1 |
| Dpto. de Ciencia política e Socioloxía | 1 |
| Dpto. de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias | 1 |
| Dpto. de Filoloxía  Clásica, Francesa e Italiana | 1 |
| Dpto. de Ciencias Morfolóxicas | 1 |
| Dpto. de Psicoloxía Evolutiva e da Educación | 1 |
| Dpto. de Economía Financeira e Contabilidade | 1 |
| Dpto. de Bioquímica e Bioloxía Molecular | 1 |
| Dpto. de Didácticas Aplicadas | 1 |
| Instituto de Cerámica | 1 |
| Dpto. de Economía cuantitativa | 1 |
| Instituto de Investigacións Tecnolóxicas | 1 |
| Dpto. de Fisioloxía | 1 |
| Dpto. de Electrónica e Computación | 1 |
| Instituto Galego de Física e Altas Enerxías | 1 |
| Instituto de Matemáticas | 1 |
| **TOTAL** | **81** |

## ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU O CONSELLO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE "ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE SER FINANCIADAS POLO CONSELLO SOCIAL DURANTE O ANO 2016".

### Proxecto de Educación Emocional para o Desenvolvemento Profesional e Persoal da Comunidade Universitaria da USC.

A actividade foi organizada polo Instituto de Ciencias da Educación da USC e a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC), e parte do interese amosado pola sociedade polo desenvolvemento da intelixencia emocional, así como a capacidade para xestionar as emocións, e das habilidades sociais das persoas, de cara a adquirir e mellorar as competencias propias. Para iso realizouse un *Iº Encontro de Intelixencia Emocional da USC*, actividade que se celebrou nunha xornada de oito horas con oito obradoiros (Xestión do estrés e a ansiedade: como recuperar o control; Confío nas miñas capacidades! Autoestima e motivación; Mellora a túa comunicación: escoita activa e empatía; e Conflitos: como arranxalos: Traballar a asertividade) nos que cada persoa asistente podía escoller catro. A metodoloxía da actividade consistiu en exposicións teóricas e explicacións, simulacións, dinámicas e dramatizacións, así como discusións e debates. Un total de 155 persoas participaron activamente nos obradoiros.

### Programa Universitario de Apoio a Persoas Refuxiadas.

Esta actividade foi organizada e levada a cabo a través do Servizo de Relacións exteriores da USC, e consistiu na convocatoria de bolsas dentro do marco do *Programa de Axudas para Persoas Refuxiadas*. Concedéronse bolsas de 12 meses de duración cada unha a 2 estudantes de grao e doutoramento con estatuto de refuxiado en España para a continuación de estudos na USC durante o curso académico 2016-2017. As axudas concedidas proporcionáronlles aos beneficiarios cobertura total dos gastos de matricula para o presente curso académico, unha asignación mensual para gastos de mantenza (proporcionada polo Consello Social), aloxamento gratuíto no Sistema Universitario de Residencias da USC, o financiamento de dous cursos semestrais de español no Centro de Linguas Modernas, e unha estadía en prácticas durante os meses de xullo e agosto no Servizo de Relacións Exteriores.

### EMPRÉGA-T: As 8 T´S do talento

A actividade foi organizada polos decanatos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e da Facultade de Relacións Laborais. Consistiu nun total de 8 actividades nos que se combinaron charlas, obradoiros, seminarios, dinámicas individuais e grupais, e mesas redondas e networking: Conciéncia-T, Comuníca-T, Vénde-T, Coñéce-T, Adétra-T, Lánza-T, Especialíza-T e Relacióna-T.

## Foro de Reflexión e Debate: Ler o Mundo Hoxe... No Diálogo Universidade-Sociedade.

A proposta consistiu nunha serie de charlas impartidas por escritores, profesores de universidade, profesores de institutos de ensinanzas medias, e outras personalidades da intelectualidade galega, nas que se explicou unha nova proposta formativa que, tendo como eixo central a lectura e a escritura, posibilitou ampliar a mirada científica e académica de quen protagoniza o seu quefacer cotiá (profesorado, estudantado, persoal de administración e servizos, etc.) cara a novos modelos de lectura e escritura. Se dividiu en catro eixos: En clave de tempos educativos e sociais, En clave de equidade de xénero, En clave de cidadanía e participación social, e En clave de sustentabilidade ambiental.

## Análise, Valoración e Selección da biblioteca do profesor José López Calo

A actividade tiña por obxectivo analizar a colección bibliográfica e documental do profesor López Calo, pero non se puido realizar no ano 2016 por non poder acceder tanto á colección física como ao catálogo. Como a mesma ten un innegable interese para a Universidade, é polo que se decidiu ampliar o período de execución cara ao 2017.



## Proxecto de Obradoiros para Traballar a Creatividade e Fomentar a Innovación.

Orientado ao traballo concreto para desenvolver competencias persoais e profesionais transversais, así como reforzar a formación que se ofrece nas aulas ordinarias, tratando de que o alumnado sexa quen de desenvolver o seu talento, proporcionándolle as ferramentas para que desenvolvan a creatividade e poidan chegar á innovación e á proposición de novas ideas para potenciar o seu talento. De xeito complementario, para culminar co sentido último da formación, fixéronse un conxunto de cursos cara á busca activa de emprego, facendo fincapé na necesidade de que o alumnado sexa persistente na procura dos seus obxectivos. Os obradoiros foron os seguintes: Creatividade para a Innovación; Coaching para a potenciación das capacidades persoais e a consecución de metas. Os cursos relacionados coa busca de emprego: Taller práctico de técnicas de selección de persoal; Xornada Móvete!! Programas de prácticas internacionais, recursos e oportunidades de traballo e mobilidade para a mocidade; Competencias e habilidades profesionais para universitarios: habilidades básicas de comunicación interpersoal e realización de presentacións orais eficaces; A busca de emprego 2.0: coñece os recursos máis innovadores na busca de emprego na internet; Competencias e habilidades profesionais para universitarios, Asemade tamén se impartiron cursos no campus e Lugo: Actitude como ferramenta para o éxito; Toma de decisións: fixar obxectivos realistas; Como descubrir e desenvolver a potencialidade individual; Orientación laboral: como prepararse para unha oferta de traballo; Emprego en Alemaña; Asesoramento para a busca de emprego e prácticas.

### Terra USC Vida

Coa actividade pretendíase amosar á sociedade as capacidades e potencialidades que presenta a USC, nos seus campus de Lugo TERRA e de Santiago VIDA, nas diferentes vertentes de produción de alimentos, da súa transformación e elaboración, na xestión do territorio e o deseño do noso hábitat. Para iso se realizaron diversos cursos e obradoiros: Xestión de ecosistemas de ribeira; Aproveitamentos non madeireiros do monte; Construción en madeira; Bases gandería ecolóxica e elaboración de derivados lácteos; Horto familiar ecolóxico; Dinamizadores agroecolóxicos; Participación na Deira Agroecolóxica Natura Lugo; e Dotación dun invernadoiro para o cultivo ensaios de rega e multiplicación de semente en agricultura ecolóxica.

## ACTIVIDADES FINANCIADAS POLO CONSELLO SOCIAL EN EXERCICIOS ANTERIORES E QUE SE CONSOLIDARON AO LONGO DOS ANOS.

### Programa de captación e fidelización de talentos na USC

O programa foi dirixido pola Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación, e consistiu en realizar diversas actividades para o recoñecemento e captación dos mellores expedientes de ensino medio para que estuden na USC. Neste senso cobra especial importancia o Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC", e que pretende dar a coñecer a USC a todo o estudantado de ensino medio, para iso diverso profesorado da nosa institución, así como alumnado e persoal de administración e servizos, desplazáronse aos centros de ensino medio onde se lles presenta e explica aos estudantes as titulacións da nosa Universidade. Ademais das xuntanzas cos/as rapaces/as, tamén se teñen diversas reunións cos seus pais e nais, así como co persoal director e orientador dos centros. Por último rematase cun acto de recoñecemento aos mellores estudantes de centros de ensino medio de Galicia. Este programa tivo como colofón o acto de recoñecemento aos mellores estudantes de centros de ensino medio de Galicia nas PAAU 2016

### Proxecto Mentoring USC. Desenvolvemento profesional

Esta actividade está coordinada pola Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, e consiste nunha posta en contacto de estudantes de máster e último ano de grao con directivos de empresas e profesionais co fin de que podan orientalos tanto na busca de emprego como no desenvolvemento da súa carreira profesional. Trátase de poñer en valor o Networking como estratexia á hora de identificar oportunidades de emprego. Na primeira edición correspondente ao curso 2015-2016 o número de alumnos inscritos no proxecto foi de 124 e o de mentores de 106, sendo 72 o número de alumnos asignados e polo tanto que foron mentorizados. Nesta segunda edición correspondente ao curso 2016-2017 xa hai 159 alumnos inscritos e 128 mentores, sendo 98 o número de alumnos mentorizados ata o de agora.

## Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos da USC (CIARCUS)

O Centro dedica a súa actividade ao coñecemento e investigación dos conflitos que lle chegan para a súa resolución, prestando especial atención aos que presenta a institución universitaria, en canto ten unhas peculiaridades propias que provocan unha conflitividade específica e distinta á doutros sistemas e organizacións humanas, de feito pode apuntarse que as causas dos conflitos que de ordinario xorden no ámbito universitario, contan con orixes tamén moi diferentes: de carácter colectivo, entre a organización e os seus traballadores; de ámbito inter-profesional, entre os diversos profesionais así como entre colectivos e grupos profesionais; e finalmente, de ámbito organizacional: entre distintas entidades universitarias.

## CIARCUS conta con distintos tipos de servizos:

- Servizo de Mediación Universitaria

  O Servizo de Mediación Universitaria proporcionará asistencia á súa comunidade co gallo de vencer as dificultades xurdidas do normal funcionamento da interacción interpersoal nunha organización complexa.

  Con este obxecto, o equipo mediador acometerá unha análise da problemática específica para, así, axeitar a posterior intervención ás específicas necesidades derivadas do conflito.

  Constitúe un lugar común que a inacción ante as controversias no ámbito universitario repercute negativamente, non só na produtividade da institución, senón tamén e moi especialmente na satisfacción dos seus membros. Xa que logo, no caso de que as particularidades do conflito tiveran difícil acomodo coa estrutura e morfoloxía da mediación, o equipo estudará a posibilidade de abordar o caso mediante algún outro método de resolución alternativa de conflitos.

- Servizo de Mediación Familiar

  A través do Servizo de Mediación Familiar, o equipo mediador intervirá en todos aqueles casos do referido ámbito nos que se achen implicadas e implicados tanto membros da comunidade universitaria, como persoas alleas á mesma.

  Intervirase pois, co gallo de analizar, focalizar e xestionar o conflito para que as partes, protagonistas absolutas do procedemento, alcancen, de ser o caso, un acordo consensuado que satisfaga as súas necesidades.

- Servizo de Mediación Civil y Mercantil

  A través do Servizo de Mediación Civil e Mercantil, o equipo mediador intervirá en todos aqueles casos do referido ámbito nos que se achen implicadas e implicados tanto membros da comunidade universitaria, como persoas alleas á mesma.

Intervirase pois, co gallo de analizar, focalizar e xestionar o conflito para que as partes, protagonistas absolutas do procedemento, alcancen, de ser o caso, un acordo consensuado que satisfaga as súas demandas.

- Servizo de Mediación Comunitaria

  A través do Servizo de Mediación Comunitaria, o equipo mediador intervirá en todos aqueles casos do referido ámbito nos que se achen implicadas e implicados tanto membros da comunidade universitaria, como persoas alleas á mesma.

  Intervirase pois, co gallo de analizar, focalizar e xestionar o conflito para que as partes, protagonistas absolutas do procedemento, alcancen, de ser o caso, un acordo consensuado que satisfaga as súas necesidades.

- Servizo de Mediación Escolar

  A través do Servizo de Mediación Escolar, o equipo mediador intervirá en todos aqueles casos do referido ámbito nos que se achen implicadas e implicados tanto membros da comunidade universitaria, como persoas alleas á mesma.

  Intervirase pois, co gallo de analizar, focalizar e xestionar o conflito para que as partes, protagonistas absolutas do procedemento, alcancen, de ser o caso, un acordo consensuado que satisfaga as súas necesidades.

- Servizo de asesoramento na prevención e xestión de conflitos en diferentes contextos



### Unión de canles sociais: proxecto de arte comunitario

A actividade foi organizada polo Grupo de innovación Docente en Educación Artística GID-44-Innov-arte xunto co Departamento da Expresión Musical, Artes Plásticas e Visuais da Facultade de Ciencias da Educación.

O obxectivo da actividade foi o de fomentar e fusionar ás entidades públicas de formación educativa do alumnado da USC coa involucración de institucións sociais como Centros de Día (xente da terceira idade), garderías e institutos, fundacións ou asociacións dirixidas a persoas no eido da inserción social (coma Proxecto Home). Contidos realizados dentro da actividade: Espectáculo dirixido ao público infantil; Accións para a terceira idade; Accións para os nenos de educación infantil e primaria; Accións para os adolescentes; Accións para a fundación Sindrome de Down; así como actividades de inserción social.

A subvención achegada polo Consello Social axudou a acadar os obxectivos iniciais grazas ao financiamento das colaboracións externas, material necesario para as diferentes actividades programadas e os distintos desprazamentos para a interacción e comunicación cos diferentes responsables dos centros educativos. Realizáronse 17 tipos de actividades ao longo do ano así como 3 obradoiros.

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

# EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

**CRÉDITO DEFINITIVO................................................................................ 225.000**

CRÉDITO INICIAL.................................................................................200.000

REMANENTES ANO ANTERIOR............................................................25.00

**EXECUCIÓN DO ORZAMENTO............................................................... 200.000**

GASTOS DEFINITIVOS................................................................. 157.512,34

CAPÍTULO II........................................................................................54.788,34

CAPÍTULO IV..........................................................................................77.724

CAPÍTULO VI..........................................................................................25.000

**CRÉDITO DISPOÑIBLE........................................................................ 67.487,66**

M A R C O
N O R M A T I V O

# MARCO NORMATIVO



*Facultade de Económicas*

## DO CONSELLO SOCIAL DA USC

- Orde do 5 de agosto de 2014 pola que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 159, do 22 de agosto de 2014)

## DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014)

## DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG nº 125, do 3 de xullo de 2013)
- Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se dispón a publicación do acordo asinado polas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Facenda e Economía e Industria e polas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2011)
- Resolución do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón unha addenda ao acordo asinado polas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Facenda e Economía e Industria e polas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (DOG nº 9, do 13 de xaneiro de 2012)
- Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 234, do 9 de decembro de 2011)
- Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2012)
- Decreto 103/2012, do 22 de marzo , polo que se regula o procedemento para a designación dos representantes de organizacións sindicais nos consellos sociais da universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº 64, do 2 de abril de 2012)

## NORMATIVA XERAL

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE nº 397, do 24 de decembro de 2001), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE nº 89, do 13 de abril de 2007)
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable (BOE nº 55, do 5 de marzo de 2011)
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE nº 131, do 2 de xuño de 2011)
- Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE nº 318, do 31 de decembro de 2010)

## DE ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS

- Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE nº 224, do 18 de setembro de 2003)
- Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento Europeo ó Título (BOE nº 218, do 11 de setembro de 2003)
- Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 260, do 30 de outubro de 2007)
- Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (BOE nº 232, do 25 de setembro de 2008)
- Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE nº 190, do 6 de agosto de 2010)
- Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 161, do 3 de xullo de 2010)
- Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento (BOE nº 35, do 10 de febreiro de 2011)